

# O Rosalía acollerá o 29 de maio unha homenaxe a Xabier P. Docampo

No acto intervirán amigos escritores como Paco Martín ou Suso de Toro e Miro Casabella poñerá a música.



A presentación dos actos tivo lugar na sede da asociación Alexandre Bóveda | javier alborés

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Asociación Cultural Alexandre Bóveda (ACAB) organizan unha homenaxe a Xabier P Docampo, escritor e mestre, namorado do cinema, guionista e director de programas de radio, contador oral, activista da renovación pedagóxica e da causa da dignidade da lingua galega. Por iso, as actividades atenderán ás distintas fronteiras que alimentou para comezar cun ciclo como preámbulo do acto principal, que terá lugar o mércores 29 de maio ás 20.30 horas no teatro Rosalía.

Ese será o día grande, pero antes se organizarán tres encontros no local dos Olmos, 16, o primeiro deles hoxe, ás 20.00 horas co seu amigo Xosé Cobas. Titularase "Parella de feito" polos libros que fixeron xuntos. Docampo poñía as letras e Cobas, os debuxos. O 3 de abril, será María Jesús Fernández quen falará ás 20.00 horas de "Tradición e modernidade" para acabar o 10 de abril á mesma hora con Óscar Sánchez, Martin Pawly, que abordará a súa paixón polo cinema. No tributo do Rosalía, Yolanda Castaño dará a palabra a máis amigos do autor. Desde Paco Martín a Xavier Senín, pasando por Fina

Casalderrey, Suso de Toro, Alfonso García Sanmartín, Chus Fernández, Paula Carballeira, Manuel Bragado, Xosé Manuel Pereiro ou María Canosa, todos falarán da impronta que deixou Docampo en tantos eidos como inquedanzas tivo. No audiovisual, na terra e fóra dela sempre traballando pola lingua o ensino e a cultura deste país. Miro Casabella encargárase de poñer melodías ao conto.